

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 1 DE SETEMBRO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado dos treitos comúns no Camiño Fisterra–Muxía.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0–3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2026/2027 e se procede á súa convocatoria. Importe total: oito millóns douscentos setenta e oito mil cincocentos oitenta e catro euros (8.278.584,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación EOI para a realización de tres programas executivos no ámbito da industria da defensa, as tecnoloxías duais e a ciberseguridade durante os anos 2026 e 2027, por un importe de trescentos doce mil cincocentos euros (312.500,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se toma razón da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca, para a anualidade 2026, unha liña de préstamos sen xuros a favor dos concellos de Galicia para financiar a achega municipal correspondente aos plans de actuación integrados financiados con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021–2027 (código de procedemento FA501A).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Universidade da Coruña para desenvolver un programa de investigación aplicada sobre vivenda pública industrializada, urbanismo e novos modos de habitar mediante a elaboración de propostas de ordenación urbana e vivenda colectiva como programa de traballo de fin de máster do máster universitario en Arquitectura da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña e a difusión dos traballos realizados, por un importe de dezanove mil trescentos cincuenta euros (19.350,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A., á licitación das obras de construción dun edificio de 168 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos, na parcela A da unidade de actuación Norte 1 – Norte 2 de Garabolos, no Concello de Lugo, cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de vinte e nove millóns seiscientos cincuenta e nove mil sesenta e tres euros con vinte e cinco céntimos (29.659.063,25 €).—

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a licitación do contrato de servizos para a defensa xurídica e reclamación dos danos causados polo cártel de absorbentes.
- Acordo polo que se toma razón do balance do Programa de vacinación infantil nos centros educativos e se acorda a súa ampliación.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Arteixo para a rehabilitación da reitoral de Loureda, por importe de seiscientos mil euros (600.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria para o desenvolvemento en 2026 e 2027 do Programa integral de formación e *mentoring* destinado á xente nova inscrita e beneficiaria do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Xuventude Mentoring), cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021–2027, por un importe total dun millón douscentos mil euros (1.200.000,00 €) e a superación do límite previsto na normativa de subvencións de Galicia para os pagos anticipados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba o contrato Programa plurianual do Centro Tecnolóxico do Mar—Fundación CETMAR para o período 2026—2027.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a publicación pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático dunha guía galega de boas prácticas para eventos deportivos e de ocio sostibles.
- Informe sobre o inicio da elaboración do Peregrino—Plan estratéxico para o reforzo da eficiencia e da garantía do abastecemento de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o mapa de apoios ás familias.
- Informe sobre a mellora no sistema de gobernanza e na calidade do sistema universitario de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto construtivo: Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na PO—303. Treito: Picón—Tanoira no Concello de Meaño, cun presuposto base de licitación, IVE incluído, de setecentos catorce mil douscentos dezasete euros con dous céntimos (714.217,02 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o inicio da tramitación do encargo para a formulación dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) simplificados da Ribeira Sacra.
- Informe sobre o inicio do procedemento para exixir a responsabilidade dos danos e perdas ocasionados á Xunta de Galicia, así como os gastos de extinción derivados do incendio forestal acontecido na parroquia de Herbón (concello de Padrón) o 12 de xuño de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE AS MELLORAS DA SEGURIDADE VIARIA NOS TREITOS COMÚNS DO CAMIÑO FISTERRA—MUXÍA

En total, o proxecto afecta a sete concellos da provincia da Coruña, nos que se executarán 11 sendas peonís segregadas e se renovará unha senda existente

O Consello da Xunta aprobou esta mañá de forma definitiva o proxecto de trazado dos treitos comúns do Camiño Fisterra—Muxía coa rede viaria existente. Estas obras buscan mellorar a seguridade viaria e fomentar a mobilidade sostible, para facilitar un tránsito peonil seguro e reducir a exposición ao tráfico rodado.

O proxecto foi aprobado provisionalmente no mes de febreiro e, posteriormente, en maio sometido aos trámites de informe das administracións afectadas e de información pública. Abriuse así un período durante o que se recibiron alegacións e informes, que se analizaron e aos que se lles deu resposta no informe de alegacións emitido o pasado mes de xullo.

Agora a actuación comeza a súa andadura definitiva, que levará a executar once sendas peonís segregadas en diversos treitos comúns do Camiño de Santiago de Fisterra e Muxía con estradas de titularidade autonómica, provincial e municipal.

Seis das actuacións desenvolveranse en tramos situados no concello de Dumbría, mentres que nos de Santiago de Compostela, Negreira, Cee e Muxía executarase unha obra por localidade; unha delas, a do Concello de Cee, tamén afectará o territorio do municipio de Corcubión. Ademais, contéplase a renovación estrutural dunha senda existente no concello de Mazaricos. En total, o proxecto beneficia a sete concellos da provincia da Coruña.

A aprobación definitiva do proxecto leva parella, entre outras, a declaración de utilidade pública. Os concellos afectados deberán adaptar a súa proposta urbanística ao contido no proxecto, no que se establecen que elementos deben ser modificados.

Estes traballos forman parte dos esforzos da Xunta de Galicia para a mellora na seguridade viaria nos distintos itinerarios que conforman o Camiño de Santiago, de cara ao próximo Ano Santo 2027. Están previstas actuacións en máis de 150 quilómetros, cun investimento estimado de ata 40 M €.

No que vai de ano, case dúas mil persoas percorreron este itinerario, o que marca un ascenso do 10 % respecto do pasado ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MANTÉN O APOIO Á GRATUIDADE PARA O 100 % DO ALUMNADO NAS ESCOLAS INFANTÍS E PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL

- Destínanse máis de oito millóns de euros a dar continuidade a esta medida nos centros educativos 0–3 que dependen dos concellos
- No novo curso que comezará en setembro poranse a disposición das familias máis de 32.000 prazas de balde en escolas infantís públicas, de iniciativa social e privadas

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde de axudas para o mantemento da gratuidade da atención educativa nas escolas infantís 0–3 e puntos de atención á infancia que dependen dos concellos. O Goberno galego destina 8,2 millóns de euros de fondos propios da Administración autonómica a esta medida, a través da que financia arredor de 7.000 prazas durante o vindeiro curso 2026–2027.

Esta nova convocatoria de achegas abranguerá o período comprendido entre o 1 de setembro de 2026 e o 31 de xullo de 2027. O prazo de presentación de solicitudes para que os centros educativos de 0 a 3 anos se acollan a estas axudas será dun mes desde a publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). No caso de escolas infantís que obteñan o permiso de inicio de actividade con posterioridade á publicación desta convocatoria o prazo rematará o 30 de outubro.

O obxectivo da Xunta é que Galicia continúe sendo a comunidade autónoma con mellores datos de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil. O curso pasado foi o cuarto consecutivo no que Galicia liderou en España esta clasificación cunha taxa do 64 %, foi a única comunidade que supera a barreira do 60 % e sitúase 14 puntos por riba da media nacional.

O Executivo autonómico volverá poñer este curso a disposición das familias máis de 32.000 prazas de 0 a 3 anos de balde, tanto en escolas infantís públicas, de iniciativa social ou privada. Galicia foi pioneira na implantación da gratuidade, un proceso que se iniciou no curso 2019–2020 para as familias con dous ou máis fillos e que desde o 1 de setembro de 2022 se ampliou ao 100 % do alumnado.

Hoxe Galicia mantense como referente, xa que o seu programa de gratuidade segue a ser o máis ambicioso de toda España: oito horas diarias durante once meses ao ano. Unha medida que a Xunta financia na súa totalidade con fondos propios, con 68 millóns de euros este ano, e sen achegas por parte do Goberno central.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REEDITA O PROGRAMA EXECUTIVO EN INDUSTRIA DA DEFENSA ANTE O ÉXITO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA

- O curso, realizado en Santiago entre abril e setembro deste ano, desbordou as previsións do Goberno galego, que agora oferta 25 novas prazas subvencionadas dirixidas a profesionais e directivos de empresas con potencial no sector
- Esta formación avanzada complétase con dous novos programas nas áreas da ciberseguridade e as tecnoloxías duais, que lle permitirán ao seu alumnado adquirir coñecementos de alta cualificación nestes dous ámbitos de actuación

O Consello da Xunta informou na súa reunión desta mañá da sinatura dun convenio de colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI) no marco da Iniciativa estratéxica en seguridade, defensa e aeroespazo (lesda). Con este novo acordo, o Goberno galego reedita o Programa executivo en industria de defensa en Galicia logo do éxito da primeira edición que desbordou calquera previsión. E, ao tempo, completa a oferta formativa especializada con dous novos programas executivos nas áreas da ciberseguridade e das tecnoloxías duais. En total, serán 75 as prazas que se ofertarán no marco deste novo convenio que volverá situar a Galicia á cabeza das comunidades que ofrecen formación de alta especialización nos ámbitos da seguridade e da defensa.

A segunda edición do Programa executivo en industria de defensa dálle continuidade ao compromiso da Xunta de Galicia de consolidar Galicia como un nodo formativo de referencia no eido da seguridade, a defensa e o aeroespazo. A nova convocatoria permitiralles ás persoas profesionais de empresas galegas seleccionadas e que non puideron participar na primeira convocatoria, acceder a unha formación de alto nivel. Cómpre lembrar que para as 25 prazas dispoñibles se presentaron un total de 69 candidaturas, unha cifra que practicamente triplicou a oferta dispoñible.

A actividade desenvolverase en modalidade híbrida, con sesións presenciais e formación en liña. Ademais, contará de novo coa subvención do Goberno galego, polo que Galicia seguirá sendo a primeira rexión do Estado en cofinanciar un curso formativo destas características para profesionais e directivos de empresas con potencial no sector da defensa, participantes ou aspirantes a concorrer a programas europeos, consorcios internacionais ou proxectos duais que queiran coñecer polo miúdo sistemas de financiamento ou a súa estrutura contractual.

Dous novos programas formativos

O convenio aprobado esta mañá polo Consello da Xunta inclúe dúas novas formacións: un programa executivo de tecnoloxías duais e un Programa executivo de ciberseguridade. Ambos contan con 25 prazas cada un e tamén se lles outorgará preferencia aos profesionais de empresas e institucións públicas con domicilio social en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes tres programas están dirixidos a persoas que desexen capacitarse para adquirir unha visión 360º do sector da defensa e a seguridade, as tecnoloxías duais ou a ciberseguridade, así como a aquelas que queiran definir estratexias para abordar as oportunidades do novo contexto nacional e internacional, ou profesionais e directivos de calquera sector que identifiquen novas oportunidades nestes eidos. O orzamento do programa plurianual ascende a 312.500 euros, dos que a Xunta de Galicia achega 203.125 €.

Coa posta en marcha destas accións formativas, o Goberno galego favorece a creación e consolidación de emprego de alto valor engadido en Galicia, vinculado a sectores tecnolóxicos estratéxicos, identificados e promovidos no marco da I+D+i. Isto contribúe a reter talento cualificado e mesmo a atraer aquel que aínda non reside en Galicia. Así mesmo, facilitará o fortalecemento do tecido empresarial e industrial galego, a transferencia tecnolóxica a ámbito civil e contribuirá a situar a Galicia no mapa nacional e europeo como rexión de referencia nestes sectores, atraendo investimento adicional e reforzando a imaxe da comunidade como polo tecnolóxico avanzado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA UNHA LIÑA DE PRÉSTAMOS SEN XUROS PARA QUE OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES TEÑAN ACCESO A ACTUACIÓNS FINANCIADAS CON FONDOS FEDER

- A orde, elaborada pola Consellería de Facenda e Administración Pública, estará dotada con máis de 20 millóns de euros para apoiar ás entidades locais de menor tamaño
- Os préstamos destínanse á execución de actuacións incluídas nos plans de actuación integrados, un instrumento de planificación municipal que procura o desenvolvemento urbano sostible
- O procedemento de concesión será por concorrência non competitiva, por orde de entrada das solicitudes, ata esgotar o crédito

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha dunha liña de préstamos sen xuros para que os concellos galegos de menos de 20.000 habitantes teñan acceso a actuacións financiadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

A orde, elaborada pola Consellería de Facenda e Administración Pública, dotada con máis de 20 millóns de euros (20.370.709,33 €), ten como finalidade apoiar as entidades locais de menor tamaño, facilitar o acceso ao financiamento público reembolsable en condicións non onerosas para atender a achega municipal esixida, que é do 40 % do custo total da actuación, e garantir a execución efectiva das actuacións financiadas con fondos europeos.

A liña de préstamos, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* na primeira semana de setembro, establece un réxime completo de concesións, formalización, seguimento e control das operacións, incorporando mecanismos de garantía que permiten asegurar a devolución das cantidades mediante retención no Fondo de cooperación local, conforme á autorización expresa que deberá incluírse no acordo municipal e no correspondente convenio de colaboración.

Plans de actuación Integrados

Os préstamos destínanse á execución de actuacións incluídas nos plans de actuación integrados (PAI), un instrumento de planificación municipal que procura o desenvolvemento urbano sostible, mellorando a calidade de vida nas cidades desde o punto de visto medio ambiental, económico e social.

Cada PAI combina diferentes liñas de actuación dentro dun concello, como a transición dixital e a administración electrónica, a transición ecolóxica e a economía circular, a rexeneración urbana de barrios desfavorecidos, ou o patrimonio, a cultura e o turismo sostibles.

O procedemento de concesión será por concorrência non competitiva e as solicitudes tramitaranse por orde de entrada no rexistro electrónico, ata esgotar o crédito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional constitúe un dos principais instrumentos da política da Unión Europea orientado a promover un desenvolvemento económico, social e territorial equilibrado mediante o apoio a investimentos con impacto estrutural no territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESENVOLVERÁ UN NOVO PROGRAMA DE INVESTIGACIÓN SOBRE VIVENDA INDUSTRIALIZADA EN COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- A universidade incluírá a industrialización da vivenda pública no programa de traballo de fin de máster da Escola Técnica Superior de Arquitectura
- O Goberno galego financiará os gastos deste programa, cun máximo de 19.350 euros

O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para asinar un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña (UDC) para desenvolver un programa de investigación aplicada sobre vivenda pública industrializada, urbanismo e novos modos de habitar.

Trátase da elaboración de propostas de ordenación urbana e vivenda colectiva que permitan explorar novas estratexias para a produción residencial pública en Galicia. Neste, inclúese a elaboración dun proxecto básico e a ordenación, para o desenvolvemento de solo residencial dentro do programa do máster universitario en arquitectura, como obxecto do traballo de fin de máster así como na difusión dos resultados e dos ditos traballos.

O convenio que se levará a cabo a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) establece que a universidade incluírá como programa do traballo de fin de máster (TFM) da Escola Técnica Superior de Arquitectura (ETSAC), do curso 2026/2027, este módulo de investigación aplicada sobre vivenda pública industrializada.

Este traballo consistirá na redacción dun proxecto que conterá a ordenación do ámbito e as ordenanzas reguladoras e incluírá unha análise do desenvolvemento urbano e da edificación resultante no ámbito, con especial atención ás novas tipoloxías de vivendas e a utilización de técnicas industrializadas na edificación.

A UDC tamén deberá publicar os traballos académicos e realizar unha exposición dos mesmos. Ademais, a Universidade organizará un ciclo de conferencias sobre esta materia.

En virtude deste convenio, o IGVS propondrá un ou máis ámbitos de solo urbanizable para a elaboración do citado proxecto e colaborará coa escola para impartir charlas ao alumnado. Tamén impulsará a difusión dos traballos e colaborará no ciclo de conferencias mediante a participación dos seus técnicos.

No que se refire ao financiamento a Xunta IGVS achegaralle á Universidade un orzamento de 19.350 euros. O convenio **estará vixente dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2027.**

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE 168 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN LUGO

- O importe de licitación é de máis de 29,6 millóns de euros
- As vivendas constrúense na parcela A de Garabolos, urbanizada pola Xunta de Galicia
- A Xunta está a desenvolver un total de 615 vivendas de promoción pública en Lugo

O Consello da Xunta autorizou a licitación do contrato de execución das obras de construción de 168 vivendas de promoción pública que se construírán na parcela A de Garabolos, urbanizada pola Xunta de Galicia.

O importe de licitación do contrato será de 29.659.063,25 euros.

A parcela onde se situarán as vivendas de promoción pública (VPP) ten unha superficie aproximada de 3.336,00 metros cadrados. A edificación proxectada ten unha superficie construída total de 25.443,44 metros cadrados.

O edificio proxectado consta de dúas plantas de soto destinadas a garaxes, rochos e locais de instalacións. O acceso a ambos os niveis prodúcese aproveitando o desnivel natural da parcela, de modo que o acceso ao soto –1 é dende a fachada leste mentres que a do soto –2 se resolve na fachada norte. A ocupación baixo rasante non esgota a totalidade da superficie permitida polo planeamento.

En planta baixa, concibida como un espazo de relación comunitaria cun soportal aberto á rúa, atopamos tres portais de acceso e locais de instalacións, cuartos de limpeza, espazos de reserva para residuos e outros auxiliares. Ademais temos os núcleos de escaleiras de acceso aos sotos.

As plantas altas están destinadas a vivendas, cunha planta tipo repetida entre as plantas primeira e sétima. Cada portal dá acceso a oito vivendas por planta, cun total de 24 vivendas por planta, arredor dun corredor central que comunica os tres núcleos verticais. O edificio ten un total de 168 vivendas, das cales sete son adaptadas para persoas con mobilidade reducida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa dos aloxamentos é o seguinte:

Dormitorios	Portal 1	Portal 2	Portal 3	TOTAL
1	0	0	7	7
2	28	28	14	70
3	14	28	28 (7 accesibles)	70
4	14	0	7	21
TOTAL VIVENDAS	56	56	56	168

En Lugo a Xunta ten en execución un total de 615 vivendas de promoción pública en parcelas urbanizadas polo IGVS ou permutadas co Concello.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA CONTRATAR A DEFENSA XURÍDICA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE FRONTE AO CÁRTEL DOS ABSORBENTES DE INCONTINENCIA URINARIA

- A Consellería de Sanidade ten acreditado, no período 2004 a 2014, un gasto mínimo de 140,8 M € coas empresas que foron sancionadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia por pactar prezos
- As empresas sancionadas no cártel acordaron un prezo dos absorbentes para adultos que resultou ser o dobre do logrado nas licitacións públicas das distintas comunidades autónomas
- A gravidade das condutas sancionadas e o importante sobreprezo pagado leva a que o Goberno galego reclame os danos e perdas á sanidade pública

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de representación e defensa xurídica para reclamar unha indemnización de danos e perdas ao Servizo Galego de Saúde causados polo cártel dos absorbentes de incontinencia grave de urina en adultos.

No ano 2016, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) sancionou por 128 millóns de euros a oito empresas fabricantes e importadoras destes absorbentes, á Federación Española de Empresas de Tecnoloxía Sanitaria (Fenin) e a dúas persoas físicas pola súa participación en prácticas restritivas da competencia.

Tal e como quedou acreditado na resolución sancionadora, as empresas do cártel acordaron un prezo dos absorbentes para adultos financiados para os pacientes que resultou ser o dobre do prezo logrado mediante as licitacións públicas das distintas comunidades autónomas.

A gravidade das condutas sancionadas e a importante contía do sobreprezo pagado fai necesario que o Servizo Galego de Saúde reclame os danos e perdas causados polas empresas participantes no cártel.

Con carácter previo á contratación deste servizo xurídico, o Servizo Galego de Saúde efectuou unha análise da información dispoñible mediante a que se concluíu que o gasto mínimo acreditado e identificable coas empresas do cártel, entre 2004 e 2014, ascendeu a un total de 140,8 millóns de euros.

Para o período anterior, desde 1996, dispónse actualmente dunha estimación de aproximadamente 153 millóns de euros de gasto co global dos integrantes do cártel, sen dispoñer dunha desagregación por empresas para o devandito período. Esta estimación de gasto deberá concretarse e determinarse mediante a proba pericial que forma parte do obxecto desta contratación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o Servizo Galego de Saúde encargoulle un estudo preliminar á Universidade de Santiago para efectuar unha estimación preliminar do dano en función da información e os datos actualmente dispoñibles. O estudo concluíu co establecemento de diversos escenarios ou hipóteses con estimacións graduadas do dano potencial á sanidade pública, co obxectivo de fixar o valor estimado da contratación que autorizou hoxe o Consello da Xunta, por un valor estimado de 6.052.720 euros.

Será a proba pericial incluída nesta contratación a que permitirá analizar e completar a información dispoñible para delimitar a extensión temporal do dano e determinar o importe exacto da reclamación, de xeito coordinado coa estratexia procesual de defensa xurídica.

Así pois, o servizo de defensa xurídica, xunto coa pericial, permitirán establecer o gasto demostrable e o conseqüente menoscabo sufrido pola sanidade pública, fixando a contía final da reclamación.

Na contratación autorizada hoxe polo Goberno galego inclúense todas as fases do proceso, tanto en vía extraxudicial como xudicial, como son a preparación da proba, a redacción e presentación de escritos procesuais ou os recursos que poida ser preciso presentar.

Estas reclamacións resultan especialmente complexas non só pola contía e polos múltiples implicados nas condutas danosas senón tamén por tratarse dun procedemento relativo ao dereito da competencia, coas súas propias normas e particularidades, derivadas da existencia dunha inxente xurisprudencia menor e recente.

Esta xurisprudencia, en ocasións contraditoria, require unha abordaxe especializada por ser relativa ás numerosas cuestións xurisdiccionais e de cuantificación dos danos, a consecuencia dos numerosos procedementos por vulneración do dereito da competencia de gran repercusión social que se atopan actualmente en tramitación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A 75 CENTROS EDUCATIVOS E A 26.000 ESCOLARES O PROGRAMA PILOTO DE VACINACIÓN FRONTE Á GRIPE TRAS ACADAR UNHA COBERTURA DO 51 %

- Rueda resalta que preto de 10.000 escolares de 55 centros educativos participaron no programa piloto de vacinación que se puxo en marcha o pasado curso
- Os resultados amosan unha maior aceptación da vacinación no ámbito escolar entre os nenos e nenas de 5 a 11 anos
- Galicia foi pioneira en ampliar en 2025 a vacinación antigripal infantil ata os 11 anos
- A vacinación nos centros escolares ten entre os seus obxectivos facilitar a protección sanitaria da infancia e facilitar a conciliación familiar

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno vai aumentar progresivamente a vacinación fronte á gripe nos centros escolares ata chegar aos 75 colexios – 20 máis- na vindeira campaña e a unha poboación diana de “26.000 alumnos”.

O proxecto piloto de vacinación nos centros escolares, que se puxo en marcha o pasado curso, é unha iniciativa conxunta das Consellerías de Sanidade e de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que busca consolidar a posición de Galicia como referente en materia de saúde pública e prevención. “Ademais, vacinar nos centros escolares facilita a conciliación familiar xa que evita que os pais teñan que pedir un permiso laboral para acudir ao centro de saúde”, indicou.

Rueda lembrou que nesta primeira experiencia participaron 55 centros escolares, cunha mostra de 18.966 alumnos de entre 3 e 11 anos. Da poboación diana, 9.668 alumnos recibiron a vacina fronte á gripe, o que supón unha cobertura vacinal do 50,98 %, taxa moi similar á rexistrada nos puntos habituais de vacinación dos centros de saúde, onde o mesmo grupo de idade tivo unha taxa de participación de 50,7 %.

A análise por grupos de idade amosa que os máis novos, os nados en 2021 e 2022, presentan maiores coberturas nos puntos habituais de vacinación –centros de saúde, hospitais e consultas-, con taxas do 58,57 % e do 54,14 %, respectivamente. A partir dos cinco anos, a vacinación realizada no ámbito escolar adquire un maior peso, superando a taxa de cobertura dos puntos de vacinación.

Esta diferenza entre ambos grupos pode relacionarse co contacto máis estreito das familias dos nenos e nenas de menor idade co sistema sanitario a través do calendario de vacinación infantil, o que facilita que unha maior proporción das vacinacións se realice nos centros de saúde.

O programa piloto de vacinación en centros escolares desenvolveuse en centros representativos de concellos urbanos, semiurbanos e rurais. Nas sete cidades galegas rexistrouse unha maior cobertura de vacinación escolar, cunha media de 54,77 %.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por áreas sanitarias, a de Santiago de Compostela e Barbanza acadou a maior participación, cun 58,27 %; seguida de Vigo, cun 54,77 %; Ferrol, cun 50,70 %; A Coruña e Cee, cun 49,96 %; Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, cun 47,73 %; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, cun 46,83 %; e Pontevedra e O Salnés, cun 45,53 %.

Para a próxima campaña, a ampliación do programa distribuirase entre as sete áreas sanitarias. Deste xeito, a área da Coruña e Cee sumará 3 centros, ata acadar 12; Ferrol incorporará 2, ata 4; Santiago de Compostela e Barbanza engadirá 3, ata 14; Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, 3, ata 12; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, 3, ata 13; Pontevedra e O Salnés, 3, ata 9; e Vigo, 3, sumando 11 centros educativos.

Este proxecto piloto ten como obxectivo reforzar a protección da poboación infantil fronte á gripe, diminuír as complicacións asociadas á enfermidade e reducir as hospitalizacións, as infeccións bacterianas secundarias e o consumo de antibióticos. Ao tempo, contribúe a aliviar a presión asistencial do sistema sanitario e reforza as políticas de prevención e promoción da saúde entre a poboación máis nova. Rueda lembrou que a Xunta optará pola “vacina vía intranasal, máis cómoda e menos invasiva para os rapaces e que, polo tanto, ten mais aceptación”.

Os resultados considéranse favorables nesta primeira fase de implantación, polo que se acordou ampliar progresivamente o programa a 75 centros educativos para seguir avaliando a súa aplicación e obter unha evidencia máis sólida que permita valorar a súa posible extensión ao conxunto de Galicia.

Galicia lidera en prevención e inmunización

Galicia conta co calendario de inmunización máis amplo e completo de España, con elevadas coberturas nas principais inmunizacións ao longo de todas as etapas da vida. Un exemplo é a vacinación fronte á gripe entre as persoas de 80 ou máis anos, que acadou unha cobertura do 81,22 % na última campaña.

Rueda resaltou que en 2025 a comunidade galega converteuse na primeira comunidade autónoma en ampliar a vacinación antigripal infantil ata os 11 anos de idade, incorporando a administración intranasal da vacina como opción preferente para a poboación infantil, unha medida orientada a facilitar a vacinación e incrementar a súa aceptación entre os menores e as súas familias.

Así mesmo, Galicia foi pioneira coa ampliación da protección fronte ao meningococo B coa incorporación ao calendario de vacinación dunha dose de reforzo aos 12 anos, que comezou a administrarse o pasado mes de maio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE ARTEIXO CON 300.000 € PARA REHABILITAR A REITORAL DE LOUREDA

- O Consello autoriza o convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local para destinar este espazo a equipamento social, cultural e comunitario de carácter parroquial e veciñal
- A través deste acordo levaranse a cabo actuacións para acondicionar o terreo, renovar a carpintería, reparar as cubetas ou mellorar o illamento
- O edificio establécese como un elemento representativo da arquitectura tradicional vinculada aos conxuntos parroquiais galegos

A Xunta de Galicia colaborará con 300.000 euros co concello coruñés de Arteixo para a rehabilitación integral da casa reitoral de Santa María de Loureda. Así se desprende do convenio por valor de 600.000 euros autorizado hoxe polo Consello da Xunta entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local que permitirá destinar este espazo a equipamento social, cultural e comunitario de carácter parroquial e veciñal.

A través deste acordo, preténdese recuperar de xeito funcional, arquitectónico e patrimonial un inmovible integrado nun conxunto eclesiástico catalogado, e que actualmente está carente de uso efectivo. Con este obxectivo, as actuacións inclúen o acondicionamento do terreo, as cimentacións, a reparación das cubertas, a mellora do illamento e impermeabilización, así como a urbanización interior, a carpintería ou a instalación de nova sinalización e equipamento.

A Casa Reitoral de Arteixo establécese como un elemento representativo da arquitectura tradicional vinculada aos conxuntos parroquiais galegos. Xunto coa igrexa de Santa María de Loureda, constitúe o principal conxunto monumental de Loureda, e conforman un dos espazos de maior valor histórico, arquitectónico e etnográfico do ámbito rural do municipio.

Así, a actuación inscríbese dentro dunha estratexia global de recuperación e posta en valor do conxunto e permitirá dotar a veciñanza dun espazo multifuncional destinado á convivencia cidadá, a participación veciñal e á promoción da cultura local. Con esta nova iniciativa, o Goberno galego responde ao seu compromiso de achegar a cultura a todo o territorio nas mellores condicións, facilitando o acceso da sociedade ao coñecemento ao poñer ao seu dispor equipamentos nos que se poida ofrecer un servizo de calidade, na liña da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA O PROGRAMA XUVENTUDE MENTORING MANTENDO A ACHEGA HISTÓRICA DE 1,2 M € ATA O ANO 2027

- O Consello dá o visto e praxe ao convenio que permitirá desenvolver as edicións décima e undécima coa participación de medio milleiro de mozos e mozas
- Trátase dunha ferramenta esencial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para potenciar o acceso ao mundo laboral entre a mocidade
- A iniciativa dálle prioridade ao traballo dos participantes con persoas mentoras, que os asesoran e apoian na procura de emprego e tamén lles fan seguimento continuado
- Actividades formativas presenciais, semipresenciais e en liña, asistencia a encontros para propiciar contactos laborais e visitas a empresas complementan as accións
- Desde a súa posta en marcha, no ano 2021, levan participado nesta proposta preto de 2.200 persoas cunha taxa meda de inserción laboral do 55 %

O Goberno galego consolida o programa Xuventude Mentoring cunha achega de 1,2 M € ata o ano 2027 para desenvolver as edicións décima e undécima deste proxecto, que procura potenciar o acceso ao mundo laboral entre a mocidade. Para iso, o Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao sexto convenio co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria, axente integrador das tres universidades públicas galegas, que recolle o mesmo investimento do anterior acordo, e que marcou o fito de ser o maior da súa historia.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantén a súa aposta firme por este novidoso programa, posto en marcha en 2021 ante as dificultades da xente nova para descubrir a súa orientación profesional, debido, entre outros, ao descoñecemento das metodoloxías máis axeitadas para a procura de emprego ou ás limitacións para acceder a unha axenda de contactos óptima.

Precisamente, o éxito desta iniciativa ten propiciado que leven participado xa 2.200 persoas, cunha taxa media de inserción laboral do 55 %. Desta forma, o Xuventude Mentoring está a favorecer a transición da vida académica á laboral asentándose en catro piares fundamentais. En primeiro lugar, dáselle prioridade ao traballo coas persoas mentoras con asesoramento e apoio na busca de emprego. Ao respecto, cómpre salientar que, na actualidade, son 400 as que colaboran totalmente de xeito altruísta con este programa.

En segundo termo, propóñense diferentes actividades formativas, tanto presenciais, semipresenciais como en liña, que se completan co terceiro pilar da iniciativa: a asistencia a iniciativas empresarias e visitas a empresas, destinadas a mellorar a empregabilidade e as redes de contacto. Por último, a través dun equipo de nove titores, lévase a cabo un seguimento continuado dos mozos e mozas favorecendo o contacto cos seus mentores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Colaboración de empresas

Así, ao abeiro deste programa téntase construír unha plataforma integral de apoio á mocidade galega, polo que se atopa aberto á participación de entidades sociais, empresas, asociacións empresariais ou clústeres, a través da sinatura dun modelo de adhesión como colaborador en materia de difusión e promoción da iniciativa. Deste xeito, a Xunta ten por obxectivo que a porcentaxe de inserción laboral dos participantes se incremente en cada edición, cumprindo así coa promoción de medidas que favorezan a activación do emprego, especialmente para a xuventude.

Atópanse adheridas ao *Xuventude Mentoring* numerosas entidades que representan os sectores de coñecemento e profesionais estratéxicos da nosa Comunidade, como son as tres universidades galegas. Tamén forman parte desta proposta clústeres e asociacións profesionais. Colaboran no programa empresas como Congalsa, Edicións Xerais de Galicia, Mestrelab, Siemens Gamesa, Reclam, Ingenyus, Dos Espacios e Marexada, entre outras.

Desenvolvemento do programa

O Goberno galego subvenciona a iniciativa cunha achega de 300.000 € para as actividades que se desenvolvan para a convocatoria de setembro de 2026, que suporá a posta en marcha da décima edición do programa, e con outra partida de 900.000 € para a undécima edición, que se convocará en marzo de 2027 e se desenvolverá ata o 31 de agosto de 2027. As axudas canalizadas a través da Xunta están cofinanciadas nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021–2027.

Tras a difusión do programa e a captación das entidades colaboradoras e das persoas mentoras, procederase a abrir a primeira convocatoria, que contará cun máximo de 250 persoas para a edición de 2026 e outros tantos participantes para o desenvolvemento do proxecto en 2027.

Requisitos das persoas participantes

Como requisitos, deberán estar tituladas, ademais de estar inscritas e ser beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ter cumpridos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema Nacional Garantía Xuvenil. Tras a selección, os participantes comezarán o programa con titorización, formación e *mentoring*, e co seu posterior seguimento, ata a súa finalización.

A selección de persoas participantes será levada a cabo polo equipo de xestión a través do propio espazo creado para o [programa](#). Ademais, a convocatoria será publicada na web de [Xuventude](#).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O CONTRATO PROGRAMA DO CETMAR PARA IMPULSAR A I+D+I E A SUSTENTABILIDADE DO MEDIO MARIÑO ATA 2027

- O Consello deu luz verde ao marco de planificación plurianual da fundación, adscrita á Consellería do Mar, cunha achega autonómica directa de 1,55 M €
- O documento garante a estabilidade e formaliza un orzamento global de explotación de 9,1 M € ata 2027 sumando a captación de fondos europeos e contratos de servizos

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á aprobación do contrato programa do Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación Cetmar) para os exercicios 2026 e 2027. Este acordo dota a entidade dun marco de relacións e xestión plurianual co que se alían a súa actividade científica e técnica coa estratexia do Goberno galego, garantindo o equilibrio económico–financeiro da institución e consolidándoa como o gran centro de referencia na investigación, a innovación e o aproveitamento sustentable do medio mariño e dos seus recursos.

O Cetmar, fundado no ano 2001 e adscrito á Consellería do Mar, actúa como unha plataforma de encontro entre a Administración pública, os organismos científicos e o tecido empresarial. A súa función principal consiste en integrar e optimizar o coñecemento científico–técnico, prestar asistencia á Xunta e transferir innovacións ao complexo mar–industria para reforzar a competitividade do sector e a protección do litoral e os océanos. Con este instrumento de planificación concertada, a fundación establece o seu marco de actuación oficial para os vindeiros dous anos, estendendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2027.

Para financiar a actividade estrutural da entidade, o contrato programa fixa unha achega directa da Xunta de preto de 1,56 millóns de euros no conxunto do bienio. Esta contía autonómica sumarase ao resto de ingresos previstos na planificación do Cetmar –procedentes da captación de recursos a través de proxectos de I+D+I europeos e internacionais, así como de contratos de servizos e encomendas de xestión do propio Goberno galego e de terceiros– ata completar un orzamento estimado de explotación de 4,54 millóns de euros anuais (máis de 9,1 millóns ata o remate do período).

Entre os seus obxectivos prioritarios, o acordo establece seis eixes estratéxicos: a proxección internacional do sistema galego de I+D+i, a divulgación do coñecemento mariño á sociedade, a vixilancia da contorna biolóxica e de mercado, o apoio directo ás administracións, o fortalecemento das alianzas institucionais e a modernización dos seus procesos dixitais internos.

Beneficios e avaliación de resultados

A posta en marcha deste contrato programa supón importantes beneficios tanto para o sector público coma para a cidadanía. Entre eles, garante o mantemento dun cadro de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

persoal de alta cualificación e a conservación das súas infraestruturas de observación no litoral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON Á DISPOSICIÓN DE CONCELLOS E PROMOTORES UNHA GUÍA PARA IMPULSAR EVENTOS DEPORTIVOS E DE OCIO MÁIS SOSTIBLES E ALIÑADOS COA ECONOMÍA CIRCULAR

- O Consello toma razón da publicación deste documento, que inclúe boas prácticas relacionadas coa eficiencia enerxética, o uso responsable da auga, a xestión dos residuos, a mobilidade sostible e a redución da pegada de carbono, entre outras
- Estes eventos son tamén un espazo privilexiado para a sensibilización e concienciación ambiental da cidadanía, favorecendo a difusión de hábitos sostibles

O Consello da Xunta tomou razón da publicación dunha guía de boas prácticas para eventos deportivos e de ocio que ten como obxectivo apoiar a concellos, entidades organizadoras e promotores na incorporación de criterios de sostibilidade ambiental, economía circular e acción climática na planificación e desenvolvemento destas actividades.

A guía, que estará á disposición das entidades interesadas na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, está concibida como unha ferramenta práctica e operativa para reducir os efectos ambientais asociados a eventos deportivos ,n estadios ou pavillóns, ao aire libre ou en deportes de montaña e natureza, de motor, acuáticos e de praia—, culturais e de ocio –festivais, concertos, romarías, festas populares, verbenas, artes escénicas—, ou corporativos e institucionais –congresos, feiras profesionais, conferencias—, facilitando a aplicación das recomendacións ambientais.

En concreto, este documento proporciona orientación e exemplos prácticos que permitan avanzar cara a modelos organizativos máis sostibles sen incrementar de forma significativa a complexidade da xestión dos eventos.

Deste xeito, a guía inclúe unha serie de boas prácticas relacionadas coa eficiencia enerxética, o uso responsable da auga, a prevención e xestión de residuos, a mobilidade sostible e a redución da pegada de carbono. A maiores, avoga polo fomento da compra verde, da contratación responsable e do emprego de materiais reutilizables, reciclados e compostables, así como pola introdución de medidas que contribúan a reducir o desperdicio alimentario.

Así mesmo, a guía salienta tamén que estes eventos son un espazo privilexiado para a sensibilización e concienciación ambiental da cidadanía, favorecendo a difusión de hábitos sostibles coma o consumo responsable, a prevención na xeración e recollida selectiva de residuos ou a mobilidade sostible.

Con esta publicación, elaborada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, Galicia reforza o seu posicionamento como territorio comprometido coa sostibilidade dos eventos e coa incorporación dos principios de economía circular a sectores con gran capacidade de influencia social e económica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE A XUNTA INICIA A ELABORACIÓN DO FUTURO PLAN ESTRATÉXICO PARA REFORZAR A EFICIENCIA E A GARANTÍA DO ABASTECIMENTO DE AUGA EN GALICIA

- Apunta que esta planificación actualizará o diagnóstico dos principais sistemas de abastecemento, incorporará as actuacións acometidas e en execución e identificará e priorizará as accións necesaria para adaptarse á nova realidade climática
- Augas de Galicia está a mobilizar xa máis de 61 millóns de euros para acadar un maior aproveitamento da auga xa dispoñible e para mellorar e aproveitar ao máximo as infraestruturas xa existentes, cun horizonte temporal que chega ao ano 2029
- Galicia conta na actualidade con grandes sistemas supramunicipais que permiten compartir recursos, e de cara ao futuro analizarase onde é conveniente reforzalos ou crear novas interconexións que permitan prestar apoio en situacións de seca ou escaseza
- Desenvolveranse novas alternativas coma o reforzo da regulación, as augas subterráneas ou a reutilización

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, afirmou hoxe que se vai iniciar a elaboración do futuro Plan estratéxico para o reforzo da eficiencia e da garantía do abastecemento de Galicia (PEREGA), co obxectivo de analizar cunha visión de conxunto os principais sistemas, actualizar o seu diagnóstico e identificar e "priorizar as solucións máis axeitadas para reforzar a garantía da subministración a medio e longo prazo". Os seus resultados constituirán a base técnica para abordar posteriormente a revisión do Plan xeral galego de abastecemento previsto na Lei de augas de Galicia.

Nese senso, o Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe no que se avanza o inicio deste traballo estratéxico, que partirá o Plan de abastecemento de Galicia e incorporará a situación actual dos sistemas, as actuacións executadas, a evolución das demandas, así como a nova realidade climática, de maior irregularidade das precipitacións e das achegas aos ríos e encoros.

De feito, este verán varios sistemas de Galicia presentan problemas de escaseza conxuntural de auga, polo que a Oficina Técnica da Seca declarou a alerta por escaseza severa no río Lérez-ría de Pontevedra e no río Anllóns-costa da Coruña, e medidas equivalentes en Baiona, así como a prealerta noutros catro sistemas. En canto ao nivel dos nove encoros destinados ao abastecemento, está no 62,5 %, 15,6 puntos por debaixo da media dos últimos cinco anos, cunha situación desigual entre os distintos sistemas. Ao respecto, o presidente afirmou que "o risco está aí, non é novo, e desde a Xunta levamos tempo traballando para facer fronte a esa situación".

A planificación debe priorizar o mellor aproveitamento dos recursos e infraestruturas existentes e, cando resulte necesario, reforzar a regulación, as conexións entre sistemas ou a incorporación de recursos complementarios e novas fontes de subministración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuacións en marcha

Nese senso, Augas de Galicia está a mobilizar máis de 61 millóns de euros para acadar un maior aproveitamento da auga xa dispoñible e para mellorar e aproveitar ao máximo as infraestruturas xa existentes, cun horizonte temporal que chega ao ano 2029.

Máis polo miúdo, a Xunta está apoiando os concellos para reducir as perdas nas redes e mellorar o control dos consumos. 224 concellos xa fixeron auditorías de abastecemento e Augas de Galicia está concedendo axudas para acometer as actuacións necesarias para a súa mellora. En 2025 concedéronse 106 axudas por 4,35 M € e en 2026 habilitouse unha nova convocatoria cun financiamento de preto de 2,5 M €. Ademais, o Plan de dixitalización da xestión da auga beneficiou con cerca de 5 M € a 38 concellos coa instalación de 239 estacións de monitorización que permiten detectar antes fugas e consumos anómalos.

Así mesmo, Augas de Galicia aposta por garantir o bo estado, a seguridade e o máximo aproveitamento das infraestruturas xa dispoñibles con actuacións de modernización, renovación e aumento da súa fiabilidade. Estanse a mobilizar 31 M € para modernizar potabilizadoras e depósitos en 25 concellos e preto de 19 M € en 15 actuacións sobre redes, conducións, captacións e elementos de control. Entre estas últimas destacan a substitución de catro válvulas de abastecemento na presa de Eiras (2,27 M €) e a renovación da condución que abastece Ribadeo e Trabada (8,5 M €).

A maiores, nalgúns zonas será necesario incrementar a capacidade de almacenar e regular os recursos dispoñibles para afrontar períodos máis prolongados de poucas precipitacións e épocas de alto consumo. Esta liña xa está presente nas actuacións de Augas de Galicia, como é o caso do investimento de 6,2 M € previsto no Salnés para ampliar a ETAP e executar un novo depósito de regulación co que reforzar un sistema supramunicipal no que a demanda chega a duplicarse no verán.

Novas alternativas

Galicia conta xa con grandes sistemas de abastecemento de carácter supramunicipal, nos que unha mesma infraestrutura abastece a varios concellos e nos que hai conexións que permiten que determinados territorios dispoñan de máis dunha fonte de abastecemento. A futura planificación aproveitará esa estrutura e analizará onde convén reforzala ou crear novas interconexións para que os sistemas poidan apoiarse entre si en situacións de escaseza ou en caso de incidencias. Un exemplo disto é Vilagarcía de Arousa, que pode combinar o encoro do Con e o sistema supramunicipal do Umia, e que, logo da ampliación da ETAP de Padrón, tamén dispón do río Ulla como recurso adicional de reforzo.

De cara ao futuro, as augas subterráneas poden contribuír tamén a reforzar determinados abastecementos como recurso complementario ou potencial reserva estratéxica en situacións de seca ou escaseza. Nese senso, Augas de Galicia traballa co

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME) na revisión e actualización das 19 masas de auga subterránea da demarcación Galicia-Costa e xa modernizou a súa rede piezométrica, que está formada po 33 puntos de control.

Os traballos do IGME están permitindo integrar o coñecemento existente, identificar as principais lagoas de información e definir as investigacións de detalle necesarias, tales como cartografía de fracturas, estudos xeofísicos, sondaxes e ensaios de bombeo. Nunha seguinte fase, o desenvolvemento destas investigacións permitirá determinar onde estes recursos poden ser aproveitados de forma viable e sostible para reforzar os abastecementos.

Outra opción é a reutilización, xa que permite empregar auga rexenerada para usos industriais, agrícolas, urbanos ou ambientais, preservando a auga potable para os usos que realmente a precisan, como o consumo da poboación. O Plan xeral galego de saneamento, que se está a elaborar, inclúe xa unha folla de ruta sobre esta cuestión na que se analiza as EDAR, os tratamentos dispoñibles e a proximidade de posibles demandas. O obxectivo é identificar os ámbitos nos que a reutilización resulte técnica, sanitaria, ambiental e economicamente viable.

Finalmente, naqueles sistemas nos que estas medidas non resulten suficientes será necesario estudar novas infraestruturas de regulación, incluídos, cando resulte xustificando, novos encoros ou presas, ou a incorporación doutras fontes de subministración. Con todo, estas solucións deben definirse caso por caso comparando a súa viabilidade técnica, ambiental e económica. E o presidente recordou que, ante o cambio climático, "cómpre redobrar os esforzos para que todos fagamos un uso prudente, axeitado e con sentidío dun ben tan prezado como é a auga".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA AMPLÍA OS APOIOS NA VOLTA AO COLE EN MÁIS DUN 25% NOS ÚLTIMOS ANOS, CON 145 M€ ANUAIS EN BOLSAS PARA FAMILIAS E ALUMNOS

- Lembra que a través das diferentes convocatorias anuais desde a etapa de Infantil ata a Universidade, ao longo dun curso concédense máis de 422.000 axudas
- O conselleiro de Educación resalta que estes apoios son un importante recurso de cara a encorar o inicio do curso escolar e permiten "axudar a quen máis o precisa e premiar o esforzo académico"
- Este ano púxose en marcha unha nova bolsa de 150 € para usuarios de comedores xestionados por anpas, concellos e centros concertados, que se suma a un amplo contexto de apoio nesta materia, con 78.840 beneficiarios en total e 67 M€
- As liñas de maior impacto e alcance son, a maiores do comedor escolar, a gratuidade da matrícula no ensino universitario, o fondo de libros e os vales de material escolar

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Goberno autonómico inviste este curso máis de 145 millóns de euros en apoios ao alumnado e as familias. Segundo indicou, "isto supón incrementar un 25% o orzamento nos últimos cinco cursos", a través de axudas para libros, material escolar ou a matrícula universitaria gratuíta que permitiron ampliar en 129.000 o número de beneficiarios.

Ao longo dos últimos anos, desde 2022, consolidáronse diferentes convocatorias e puxéronse en marcha novas medidas, moitas delas pioneiras. Na actualidade hai en marcha medio cento de liñas de axudas a familias e estudantado desde a etapa de Infantil ata a Universidade. Segundo o informe da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP analizado hoxe no Consello da Xunta, o investimento para o novo curso supera os 145 millóns de euros e se conceden máis de 422.000 axudas. Isto supón case un 10% máis con respecto ao orzamento do curso anterior e un incremento tamén no número de apoios.

Pola súa parte, o conselleiro de Educación, Ciencia Universidades e FP, Román Rodríguez, lembrou que xa son cinco os consecutivos nos que a Xunta implanta novas medidas para axudar ás familias, entre elas, a matrícula gratuíta nas universidades e ensinanzas artísticas, as desgravacións fiscais pola compra de libros e material ou, a máis recente, unha nova bolsa para os usuarios de comedores xestionados polas Anpas, os concellos ou os centros concertados. Nesta liña, Rueda resaltou que "Galicia foi a primeira comunidade na que é posible estudar totalmente de balde" desde as escolas infantís ata a universidade.

Este amplo mapa de apoios supón un importante recurso de cara ao inicio do curso escolar. "O noso obxectivo é garantir a igualdade de oportunidades, axudar sempre a que máis o necesita e premiar o esforzo dos estudantes", indicou Rodríguez, quen apostou por un "apoio global e integral, co que aliviar o estrés económico" de moitos fogares á hora do regreso ás aulas dos rapaces.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, a maiores das axudas para os libros, material ou o servizo complementario de comedor escolar, inclúense tamén diferentes iniciativas impulsadas para mellorar as competencias en linguas estranxeiras do estudantado a través do programa Galemundo, así como, entre outras accións, os premios extraordinarios que se outorgan aos alumnos polo seu esforzo e excelencia, ao que se destinan máis de 1,1 M€ cada ano.

Libros, material e comedor escolar

Por impacto total na comunidade escolar, as achegas con maior alcance son as dirixidas a libros de texto e material, así como o comedor escolar. As liñas para a compra e préstamo de libros e adquisición de material escolar, que se foron incrementando nos últimos cursos, a dedución fiscal impulsada para as familias que non se poden acoller por renda a estas convocatorias, así como os materiais do programa E-Dixgal (que son totalmente gratuítos para o alumnado) suman un orzamento case 27 M€ e un alcance de máis de 313.000 apoios.

No que atinxe ao comedor, Educación destina case 67 M€, dentro dos que se contempla tanto os xestionados pola Consellería como as subvencións para Anpas, concellos ou entidades de atención á diversidade. Cómpre destacar, ademais, que este ano se suma unha nova convocatoria de bolsas de ata 150 € para as familias que usan comedores xestionados por anpas, concellos ou centros concertados, que se ampliará neste novo curso 2026/27 cunha segunda liña con 100 € para familias con rendas per cápita de entre 6.000 a 10.000 €. En total, benefíciáanse das diferentes axudas de comedor máis de 78.840 persoas, das que a inmensa maioría goza do servizo de forma gratuíta ou pagando tan só un euro ao día.

Matrícula gratuíta nas universidades

A matrícula gratuíta nas universidades galegas e nas ensinanzas artísticas superiores é o terceiro bloque de medidas con maior impacto, con arredor de 13.500 beneficiados. Sumado á conxelación de prezos públicos de matrícula para graos e másters, supón un aforro de máis de 20M€ para as familias galegas cada curso.

Para estas ensinanzas tamén se inclúen outras convocatorias de bolsas e axudas como os premios Ángela Ruiz Robles e os premios fin de carreira (para universitarios e para ensinanzas artísticas superiores), as axudas para as persoas desempregadas que desexen completar a súa formación a través dun máster, as complementarias ao programa Erasmus+, así como os contratos predoutorais e os doutoramentos industriais. Todas estas accións no eido universitario suman 39,8 M€.

Internacionalización do ensino

A internacionalización do ensino en igualdade de oportunidades é outra das liñas prioritarias do mapa de apoios da Consellería, a través do programa Galemundo. Para iso, concédense diferentes bolsas para estadias no estranxeiro ou en campamentos de linguas dentro de Galicia en diferentes etapas educativas, co fin de seguir impulsado a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Súmanse a elas as axudas complementarias ás outorgadas polo programa Erasmus+ para mobilidades de alumnos de FP, Universidade e ensinanzas artísticas en institucións educativas doutros países.

Innovación na FP

Cómpre salientar tamén que a Xunta está a impulsar a innovación na Formación Profesional a través de certames como Innovatech ou Idea, con premios para que o alumnado desenvolva as súas propostas innovadoras. Ademais, anualmente convócanse axudas para os desprazamentos dos estudantes no período de prácticas, así como os premios extraordinarios de FP de grao superior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ O PAPEL DOS CONSELLOS SOCIAIS COMO GARANTES DA SAÚDE FINANCEIRA DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS

- O Consello toma razón dos cambios que se prevé levar a cabo na Lei do Sistema universitario de Galicia para introducir melloras nas competencias atribuídas a estes órganos de cara a favorecer a transparencia e a estabilidade orzamentaria do sistema
- Deberán ordenar unha auditoría externa das contas antes de aprobalas, facer seguimento vinculante das recomendacións sobre xestión económica e instar incluso á activación de plans de reequilibrio financeiro de ser necesario

A Xunta vai reforzar o papel dos consellos sociais como garantes da saúde financeira das universidades públicas galegas. Para iso, o Consello tomou hoxe razón dos cambios que se prevé levar a cabo na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, co obxectivo de introducir melloras nas competencias atribuídas a estes órganos de cara a favorecer a transparencia e a estabilidade orzamentaria do sistema. A lexislación española outórgalles a función de supervisar as actividades de carácter económico da universidade e aprobar as súas contas anuais, e o que se fai agora é reforzar esta función.

Deste xeito, con este cambio non só se lle atribúe ao Consello Social a función de velar para que, con carácter previo á aprobación das contas anuais da universidade, se faga a auditoría correspondente, senón que se lle dá contundencia, claridade e obrigatoriedade a este precepto.

En concreto, e tras traballar esta proposta conxuntamente con cada consello social, introducirase a necesidade de ordenar, con carácter obrigatorio e periodicidade anual antes da aprobación das contas da universidade, a realización dunha auditoría externa e independente de ditas contas e da xestión económico—administrativa da universidade. Desta forma avaliarase non só a corrección da contabilidade, senón tamén a eficiencia administrativa e o uso axeitado dos fondos públicos do Plan galego de financiamento universitario, o mecanismo a través do que a Xunta garante a estabilidade económica das universidades e cuxos fondos proceden dos impostos de todos os galegos e galegas.

A maiores, corresponderá ao Consello Social realizar un seguimento vinculante das recomendacións da auditoría e avaliar os seus resultados. De ser necesario, o Consello Social instará á universidade a activar plans de reequilibrio financeiro.

Esta modificación normativa contribuirá a blindar a transparencia e a estabilidade orzamentaria das universidades públicas, un requisito indispensable para preservar a calidade destas ensinanzas e o desenvolvemento científico en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Adaptación á normativa estatal

A maiores deste cambio de calado, realizaranse outros axustes para introducir outros cambios na lei derivados da adaptación do texto á Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema universitario (LOSU). O obxectivo é garantir a coherencia normativa, evitando contradicións e facilitando unha interpretación homoxénea das disposicións conforme o vixente marco legal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DUNHA SENDA NA PO-303 PICÓN-TANOIRA, EN MEAÑO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO SUPERIOR AOS 720.000 €

- Trátase de habilitar un itinerario no treito de algo máis de 1,2 quilómetros de lonxitude desta vía autonómica, comezando á saída do núcleo de Picón, atravesando o núcleo do Pazo e chegando ao comezo do núcleo de Tanoira
- O obxectivo do Goberno galego é mellorar esta contorna periurbana con numerosas edificacións de tipo unifamiliar e accesos directos nas marxes, cuxa densidade se incrementa na contorna dos núcleos citados
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá este proxecto a información pública nos vindeiros días, co obxectivo de aprobar o proxecto de construción e licitar as obras este mesmo ano
- O Goberno galego mantén a súa aposta por intervencións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sostible

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación provisional, para a súa información pública nos vindeiros días, do proxecto para a execución dunha senda de uso mixto para peóns e ciclistas no treito da estrada autonómica PO-303 Picón-Tanoira, no concello de Meaño, que suporá un investimento superior aos 720.000 euros.

Trátase de habilitar un itinerario no treito de algo máis de 1,2 quilómetros de lonxitude da PO-303, entre os puntos quilométricos 10+630 e 11+865. A actuación comeza á saída do núcleo de Picón, atravesando o núcleo do Pazo e chegando ao comezo do núcleo de Tanoira.

O obxectivo do Goberno galego con esta intervención é mellorar esta contorna periurbana con numerosas edificacións de tipo unifamiliar e accesos directos nas marxes, cuxa densidade se incrementa na contorna dos núcleos citados.

A nova senda

A senda proposta deséñase co mesmo trazado en planta e alzado que presenta a estrada sobre a que se apoia. A presenza de edificacións e peches moi próximos á calzada dificulta a consecución do espazo necesario para a implantación do novo itinerario en varias zonas puntuais, polo que, para evitar afeccións excesivas, óptase polo estreitamento da beiravía como solución técnica, fixando un ancho xenérico de 0,5 metros en todo o seu trazado, excepto na glorieta de intersección coa EP-9305, onde se mantén un ancho homoxéneo de 1 metro.

Debido á presenza dun estreitamento no punto 10+976 da PO-303, e co obxectivo de lograr o espazo necesario para dispoñer dun itinerario accesible continuo, proxéctase unha leve rectificación xeométrica do trazado en planta entre os puntos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

quilométricos 10+910 e 11+010, desprazando lixeiramente o eixo cara á marxe esquerda. A devandita rectificación materialízase co borrado das liñas horizontais existentes e o pintado de novas marcas viarias, sen afectar á plataforma física.

En conxunto, o proxecto de novo itinerario deseñouse cun ancho total de 2,02 metros, que puntualmente se ampliará ou reducirá para adaptar a senda á realidade física da contorna (presenza de edificacións, peches, accesos, etc.).

A senda executarase cun pavimento en formigón en cor terra, limitada xunto á estrada por un bordo prefabricado de formigón elevado 10 cm sobre a calzada.

Co obxecto de garantir a continuidade e seguridade do itinerario, proxéctanse dous novos pasos de peóns: o primeiro na estrada EP-9305, permitindo o cruzamento transversal na contorna da glorieta, e o segundo no punto quilométrico 11+745, para conectar a nova senda coa beirarrúa existente no núcleo de Tanoira. Ambos os puntos de cruzamento dotaranse de pavimento podotáctil de advertencia e direccional, así como da sinalización vertical e marcas viarias preceptivas, conforme a normativa vixente en materia de accesibilidade universal.

A paraxe de autobús existente no quilómetro 11+620 desprázase lixeiramente cara á glorieta. Esta solución permite habilitar un ramal de acceso directo ao nó coa área de detención integrada, garantindo que as manobras de aproximación e saída do autobús non interfiran no fluxo do carril principal. A devandita plataforma de aproximación contará cun ancho mínimo de 3 metros, e o refuxio dotarase de pavimento podotáctil de advertencia e direccional conforme a normativa de accesibilidade vixente. O refuxio actual será retirado e substituído por un dos modelos aprobados pola Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Como actuacións complementarias á execución da senda inclúese a drenaxe, o repintado de marcas viarias, novos cebreados e paradas de autobús, así como o repintado da marca viaria máis próxima á senda en todo o tramo, e adecuarase a sinalización vertical do tramo colocando nova sinalización adecuada ao novo deseño.

Ademais, aprovéitase a execución da senda para executar a obra civil de iluminación, dispoñendo as canalizacións para un futuro soterramento das liñas e a instalación dun prisma de telecomunicacións, para evitar futuras demolicións da actuación agora executada.

Tamén se reporán peches, se instalarán varandas e mobiliario urbano nas zonas necesarias e se procederá á reposición de servizos afectados pola intervención.

Seguintes pasos

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá este proxecto a información pública esta mesma semana, para os efectos da Lei 8/2013, de estradas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de Galicia, e para efectos expropiatorios, por un prazo de 1 mes. Nesta intervención é necesario a expropiación de 9 predios pertencentes ao concello de Meaño.

Unha vez resolta a información pública, procederase á aprobación definitiva do proxecto de construción e co obxectivo de licitación das obras este mesmo ano. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

As actuacións recollidas nesta nova actuación da Xunta financiaranse con cargo a fondos do Programa Operativo FEDER 21/27.

O Goberno galego segue impulsando intervencións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sostible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tramos da actuación:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Localización da zona de traballo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIARÁ A TRAMITACIÓN DO ENCARGO PARA A FORMULACIÓN DOS PLANS DE ORDENACIÓN DOS RECURSOS FORESTAIS DA RIBEIRA SACRA, O PRIMEIRO DE GALICIA

- Así o recolle o informe avaliado hoxe polo Consello do Goberno autonómico, e no que se detalla a posta en marcha deste instrumento, que permitirá dispoñer dunha ferramenta de planificación máis áxil, co fin de aplicar as liñas de actuacións previstas no Plan forestal de Galicia 2021–2040
- Este encargo ten como finalidade a elaboración da documentación técnica necesaria dos devanditos plans, incluíndo tamén a súa delimitación e caracterización territorial, así como a análise das condicións físicas, ambientais e socioeconómicas da zona, entre outros traballos
- O obxectivo final desta iniciativa é impulsar a planificación forestal da Ribeira Sacra mediante un instrumento adaptado ás súas singularidades territoriais, ambientais, paisaxísticas e socioeconómicas, o que favorecerá unha xestión sostible dos seus recursos forestais
- Esta ferramenta enmárcase no Plan forestal de Galicia, que establece unha programación por quinquenios, e que establece que o desenvolvemento de PORF corresponde ao período 2026–2030

A Xunta iniciará neste semestre a tramitación do encargo para a formulación dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) simplificados da Ribeira Sacra, o primeiro de Galicia. Así o recolle o informe avaliado hoxe polo Consello do Goberno autonómico, e no que se detalla a posta en marcha deste instrumento, que permitirá dispoñer dunha ferramenta de planificación máis áxil co fin de aplicar as iniciativas, programas e liñas de actuación previstas na primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021–2040, Cara á neutralidade carbónica.

Este encargo ten como finalidade a elaboración da documentación técnica necesaria dos devanditos plans, incluíndo tamén a súa delimitación e caracterización territorial, así como a análise das condicións físicas, ambientais e socioeconómicas da zona. De xeito complementario, realizarase un estudo da estrutura da propiedade, identificaranse os principais recursos forestais existentes e planificaranse as actuacións necesarias para o cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan forestal.

Así mesmo, comprende a elaboración da documentación precisa para a tramitación administrativa do instrumento, incluíndo os labores necesarios para desenvolver os procesos de consulta ás entidades locais, ás persoas propietarias forestais, ás organizacións representativas do sector e ao resto de axentes sociais e institucionais interesados, así como a correspondente fase de información pública prevista na normativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo final desta iniciativa é impulsar a planificación forestal da Ribeira Sacra mediante un instrumento adaptado ás súas singularidades territoriais, ambientais, paisaxísticas e socioeconómicas. Todo isto, favorecerá unha xestión sostible dos recursos forestais.

O primeiro plan de ordenación dos recursos forestais

O da Ribeira Sacra é o primeiro PORF que se impulsa na nosa comunidade, e enmárcase dentro das metas incluídas no Plan Forestal de Galicia, que establece unha programación por quinquenios. Con base nesta planificación, e concretamente ao Eixe VI do Plan, vencellado coa planificación, ordenación e gobernanza, o desenvolvemento dos PORF corresponde ao período 2026–2030.

Neste contexto, a Xunta prevé levar a cabo estes instrumentos no conxunto do territorio forestal galego ao longo destes anos. Desenvolveranse cun enfoque progresivo, comezando coa formulación de PORF simplificados que permitan dispoñer de instrumentos operativos a curto prazo, para facilitar a aplicación directa no territorio das iniciativas, programas e liñas de acción do Plan forestal. En consonancia, a da Ribeira Sacra constitúe unha das primeiras actuacións dentro dunha programación máis ampla que ten como horizonte o período 2026-2030.

Cómpre lembrar que a Ribeira Sacra constitúe un territorio de especial relevancia desde o punto de vista forestal, ambiental, paisaxístico e socioeconómico. A elevada diversidade dos seus ecosistemas, a coexistencia de múltiples usos do territorio, a importancia da viticultura tradicional e do patrimonio natural e cultural, así como a presenza de importantes superficies forestais fan recomendable avanzar na elaboración dun instrumento específico de planificación que permita establecer criterios comúns para a ordenación dos recursos forestais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RECLAMA CASE 1,6 M € POR DANOS, PREXUÍZOS E GASTOS DE EXTINCIÓN Á EMPRESA ELÉCTRICA RESPONSABLE POR NEGLIXENCIA DO INCENDIO FORESTAL DE PADRÓN DE XUÑO PASADO

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe a demanda, ao acreditarse pola Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO) de Medio Rural que a causa do lume foi o incumprimento, por parte da compañía, da xestión da biomasa preto da súa liña eléctrica
- A reclamación, feita ao abeiro da normativa vixente, ten ademais como base diversas denuncias previas ao incendio desde 2022, tanto por parte de axentes ambientais do distrito forestal IV como da propia UIFO e mesmo dun particular
- O incendio de Padrón, parroquia de Herbón, afectou unha superficie total de 373,21 hectáreas e a súa proximidade a zonas habitadas fixo necesario ademais declarar a situación 2 o día 13 de xuño, como medida preventiva, por risco para varios núcleos habitados

A Xunta de Galicia reclamaralle á empresa UFD Distribución Electricidad, S.A. (do grupo Naturgy) a responsabilidade dos danos causados e os gastos de extinción orixinados polo incendio forestal rexistrado no concello de Padrón, parroquia de Herbón, o pasado 12 de xuño deste ano. Así o avaliou o Consello do Goberno galego na súa reunión de hoxe, con base nun informe presentado pola Consellería do Medio Rural.

En total, a reclamación farase por importe de 1.584.673,77 euros, tras acreditarse por informes da Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO) de Medio Rural, corroborados polo parte oficial de incendios (sistema Egifweb), que a causa do lume foi a negligencia da devandita compañía na xestión da biomasa preto da súa liña eléctrica. Do total dos fondos reclamados, os gastos de extinción ascenden a 884.724,45 euros e os danos e perdas por destrución de arborado en montes veciñais con contrato coa Xunta calcúlanse en 699.949,32 euros.

Esta reclamación faise ao abeiro da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que habilita a Administración autonómica a repercutir os gastos de extinción "ás persoas que resulten responsables cando incumprisen as obrigas de xestión da biomasa vexetal que lles impón esta lei".

Denuncias previas

Ademais, dáse a circunstancia de que constan diversas denuncias previas ao incendio, tanto por parte de axentes ambientais do distrito forestal IV como da propia UIFO e mesmo dun particular. Nelas advertíase á empresa de que as liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica non dispoñían do mantemento legalmente exigible en materia de xestión da biomasa nas redes primarias de protección. Deste xeito, púxose de manifesto un presunto incumprimento da normativa vixente nesta materia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A primeira denuncia foi formulada pola UIFO xa en marzo de 2022. Posteriormente, en agosto de 2023, a reclamación dun veciño neste mesmo sentido foi contestada pola empresa recoñecendo o problema e comprometéndose a actuar. Porén, segundo o reclamante, entre esa data e o incendio non se executou ningún traballo de adecuación.

O incendio de Padrón-Herbón afectou unha superficie total de 373,21 hectáreas, das cales 298,57 foron de monte arborado e as restantes 74,64 de raso. A proximidade do lume a zonas habitadas fixo necesario ademais declarar a Situación 2 o día 13 de xuño, como medida preventiva operativa de emerxencia, por risco para varios núcleos habitados.